

INFORMACIÓN IMPORTANTE

© Terán preferencia os nenos e nenas empadroadas no Concello da Coruña.

© A Concellaría de Xustiza Social e Coidados poderá reservar o 20 % das prazas ofertadas nesta actividades a persoas beneficiarias de programas sociais.

© A preinscrición presentárase soamente no centro cívico no que se quere realizar a actividade.

© Para nenos e nenas con necesidades educativas especiais ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo, ofértanse 7 prazas. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.

© A preinscrición, dos/das menores que soliciten praza de NEE acompañarase dunha un ficha de coñecemento persoal que se facilitará no centro cívico. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.

© A cada preinscrición entregada asignaráselle un número, o cal será o número para o sorteo.

© Os nenos e nenas que soliciten praza de NEE, terán unha numeración e un sorteo propio.

© Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todos obterán praza.

© A inscrición supón o estrito cumprimento do horario da actividade. O feito de non cumprilo, poderá supoñer a perda da praza.

© No horario ampliado, a hora de entrada é ás 9.00 h e o de saída é as 14.30 h. Non estará permitido entrar na actividade máis tarde das 9.10 h.

© Nas dúas modalidades de horario, requirirase un mínimo de participantes para formalizar grupo

© Unha vez formalizada a inscrición non se terá dereito á devolución do custo da actividade, excepto por causas imputables ao prestador do servizo

© Se as solicitudes que se atopan na listaxe de agarda finalmente obtiveran praza, realizaranse dúas chamadas os teléfonos sinalados na preinscrición, unha en horario de mañá e outra en horario de tarde. De non poder contactar coa persoa interesada, chamarase á seguinte persoa da listaxe de agarda.

RECOMENDACIÓNS

© Todos os menores levarán auga e un refrixerio (froita, iogur, bocadillo...) para tomar a media mañá.

© Os nenos e nenas deberán levar roupa e calzado cómodo. Tamén unha gorra e crema de protección solar por si é posible realizar actividades no exterior.

© A limpeza e a orde en todas as actividades que se desenvolvan empréganse como ferramentas educativas, de forma que nestas tarefas, farase partícipes os nenos e nenas.



© A organización non se fai responsable das perdas de diñeiro, nin de obxectos de valor nin pezas de roupa que poidan producirse durante o desenvolvemento da actividade.

© É aconsellable que non asistan aos campamentos os participantes que teñan enfermidades contaxiosas ou que presenten algún dos seguintes síntomas: máis de 37,5º de febre, vómitos ou diarrea por procesos intestinais infecciosos ou outros motivos, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel ou no caso de ter piollos ou lendias.



**Concellaría de Xustiza Social
e Coidados**

*Empregando o barrio como fio condutor,
as nenas e nenos realizarán actividades
para fomentar o desenvolvemento da súa
imaxinación e da súa capacidade creativa,
mediante o debuxo, o modelado, a
pintura, o teatro, a música, a danza...*



PREINSCRICIÓN

DATOS DA NENA OU DO NENO

Nome _____

Data de nacemento _____

Empadroadado/a no Concello da Coruña _____

Domicilio _____

DATOS DA NAI/PAI, OU TITOR/A LEGAL

Don/Dona _____,

con DNI _____ desexa preinscribir á menor/ao menor na actividade Embárriate.

Teléfonos de contacto _____

☉ Solicita horario ampliado _____

☉ Solicita praza de necesidades educativas especiais/ discapacidade _____

Número
Solicitud
xeral

Número
Solicitud
NEE

A persoa que asina declara que son certos todos os datos contidos na presente solicitude e autoriza ao Concello da Coruña a comprobar a veracidade dos mesmos.

Co fin de cumprir co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos proporcionados pasarán a formar parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña e cuxa finalidade é a de xestionar as actividades socioculturais de relación, inserción, promoción e/ou prevención social realizadas pola Concellaría de Xustiza Social e Coidados

Asinado:

A Coruña, a ____ de xuño do 2017

EMBÁRRIATE 2017

PARA NENOS E NENAS NADOS DO

01/01/2005 AO 31/12/2013

DATAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

De luns a venres, do 26 ao 30 de xuño

HORARIO E CENTROS CÍVICOS

— Horario xeral, de 10.00 a 14.00 h

⌚ Horario ampliado*, de 9.00 a 14.30 h

⌚ Castrillón	⌚ Palavea
⌚ Cidade Vella	⌚ Rosales
⌚ Eirís	⌚ San Diego
⌚ Elviña	— Artesáns
⌚ Labañou	— A Silva
⌚ Os Mallos	— Feáns
⌚ Mesoiro	— Sagrada Familia
⌚ Monelos	— Santa Margarida
⌚ Monte Alto	— San Pedro de Visma
⌚ Novoboandanza	

*Soamente naqueles centros cívicos sinalados con este símbolo ⌚

RESGARDO DE PREINSCRICIÓN

A nena/ O neno _____
preinscribiuse na actividade “Embárriate” no
centro cívico _____

Número
Solicitud
xeral

Número
Solicitud
NEE

DATAS IMPORTANTES

PREINSCRICIÓN

No centro cívico onde se desexe realizar a actividade os días 5, 6 e 7 de xuño, de 11.00 a 13.30 e de 16:30 a 20:00 h.

SORTEO PÚBLICO

En cada centro cívico, 7 de xuño ás 20.15 h.

LISTAXE DE ADMITIDOS/AS E DE AGARDA

13 de xuño.

Poderanse consultar no centro cívico onde se presentou a preinscrición, no Teléfono 010 ou na web www.servizossociais.coruna.es.

INSCRICIÓN

Os días 13, 14 e 15 de xuño, no horario de 11.00 a 13.30 e de 16:30 a 20:00 h.

Para formalizar a inscrición, presentarase no centro cívico onde se obtivo a praza:

☉ Impreso oficial de autoliquidación AC4370, (obterase no centro cívico despois da publicación das listaxes) no que conste o abono do prezo público.

☉ Cumprimentar e asinar os formularios e autorizacións correspondentes

De non formalizar a inscrición no prazo establecido, perderase o dereito á praza

PREZO PÚBLICO A ABONAR

11 € por persoa participante

XESTIÓN DA LISTA DE AGARDA

A partir do 21 de xuño.